



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCALIS

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, exercendo amáis as funcións de secretario accidental)
Dña. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrada da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCALIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE CAMPAÑO, CONCELLO DE PONTEVEDRA

D. Manuel Lareo Coego
D. Héctor López Lorenzo

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinteseis de outubro do 2006, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación de 4 parcelas de monte, solicitadas pola CMVMC de Campañó, do concello de Pontevedra.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 28/01/05, D. Manuel Lareo Coego, na súa condición de presidente da CMVMC de Campañó, do concello de Pontevedra, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación de 4 parcelas de monte como veciñais en man común para os veciños da CMVMC de Campañó, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros

SEGUNDO.- Subsanadas determinadas eivas e fallas advertidas pola administración, o Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 31/05/06, incoar o correspondente expediente de clasificación das 4 parcelas de monte a favor da CMVMC de Campañó, do concello de Pontevedra



TERCEIRO.- O rexistrador da propiedade Nº 1 de Pontevedra, certifica con data 07/06/06, que as parcelas de monte solicitadas non aparecen inscritas a nome de persoa algunha

CUARTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.I.F. os montes obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descrición:

CONCELLO: PONTEVEDRA

PARROQUIA: CAMPAÑO

NOME DO MONTE: "Parcela Nº 1"

Cabida: 0,55 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Muro

Sur: Estrada

Leste: Predios particulares de Félix Barreiro Souto

Oeste: Predios particulares de Carmen Sabarís Sousa

NOME DO MONTE: "Parcela Nº 2"

Cabida: 0,38 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios particulares de Camilo Fernández, Juan J. Moldes Corredoira, José López Beloso e Estrella Villanueva Carro

Sur: Predios particulares de Manuel García Cochón, Josefa García Buceta e Laura García Buceta

Leste: Predios particulares de Antonio Buceta Gómez e Virginia Martínez Tilve

Oeste: Predios particulares de Daniel Lois Sousa

NOME DO MONTE: "Parcela Nº 3"

Cabida: 0,90 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Pista

Sur: Predios particulares de Manuel García Moldes, Cándido García Moldes e Antonio García Moldes

Leste: Pista

Oeste: Pista

NOME DO MONTE: "Parcela Nº 4"

Cabida: 0,25 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios particulares de Aurelio C. Filgueira, J. Vaquero Pintos e Emilio Pintos Cancela

Sur: Predios particulares de Pablo Varela Abeledo

Leste: Pista

Oeste: Pista



QUINTO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, non se presentan alegacións

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de vecinos"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O uso en man común das 4 parcelas de monte solicitadas tense suficientemente acreditado pola documentación aportada polos solicitantes e polo informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais de data 15/03/06.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común as 4 parcelas de monte solicitadas, a favor dos veciños da CMVMC de Campañó, do concello de Pontevedra de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.



Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



Handwritten signatures and initials, including a large stylized signature on the left and several smaller ones to the right of the stamp.



PARCELA Nº 4
SUP. = 0,25 has.

DATA : OUT.-2006

ESCALA : 1/5.000

AUTOR : TOPOGRAFIA

Nº DA FOLLA :

185-35

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN


CONCELLO : PONTEVEDRA PARROQUIA : CAMPAÑO

COMUNIDADE : CAMPAÑO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVICIO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA



Sindin

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Nº DA FOLLA :				DATA : OUT. - 2006	TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA
185-15		PARCELA Nº 3	PARCELA Nº 2	ESCALA : 1/5.000	CONCELLO : PONTEVEDRA PARROQUIA : CAMPARÓ	
185-25	 SUP. = 0,90 has.	 SUP. = 0,38 has.	 SUP. = 0,55 has.	AUTOR : TOPOGRAFIA	COMUNIDADE : CAMPARÓ	